

Índice

O porto de Celeiro

Que podemos atopar no porto de Celeiro?

A lonxa

A poxa

Obradoiros e naves de almacenaxe


A Confraría de pescadores



Colaboran:



Proxecto financiado por:



O Porto de Celeiro

Un porto é un lugar á beira do mar (ou dun río), resgardado do vento onde as embarcacións poden deterse e estar seguras e realizar operacións de embarque e desembarque. Ademais, o portos soen dispor de diversos servizos derivados da súa actividade. Entre eles podemos atopar servizos técnico-náuticos (amarre, remolque, práctico, abastecemento, repostaxe) e outros (servizo de pasaxe, manipulación de mercancías, instalacións para facer reparacións...).



O porto pesqueiro de Celeiro se atopa ao norte do núcleo urbano de Viveiro, dentro da mesma ría de Viveiro, na costa norte da provincia de Lugo.



Na actualidade é un dos portos máis importantes de Galicia, no ano 2019 máis de 100 barcos venderon 13.154 toneladas de peixe, por un valor de 44.9 millóns de euros. No porto pesqueiro de Celeiro traballan cada día máis de 300 persoas e un cento de empresas relacionadas coa actividade pesqueira. Podemos atopar empresas de procesado, transporte e venda de peixe e incluso empresas de venda de aparellos de pesca, roupa para mariñeiros, pezas para barcos...

Que podemos atopar no porto de Celeiro?

A lonxa

A lonxa é o lugar onde os barcos pesqueiros levan as capturas e se realiza a primeira venda. Como verás na visita virtual, a de Celeiro é unha lonxa moderna, deseñada con todos os servizos necesarios (cámaras frigoríficas, subministración de xeo e caixas) e de acordo coas normas establecidas pola lexislación europea. A lonxa de Celeiro conta con 10 peiraos de entrada e saída de camiións e poden pasar por ela ata 75 toneladas de peixe/marisco ao día.



A poxa

A actividade principal que ten lugar na lonxa é a poxa do peixe. Para elo o primeiro é pesar o peixe, logo se expón en caixas e se fan os lotes e, finalmente pódese proceder a poxa para a súa venda.



A lonxa é un bulir de actividade, especialmente entre as 6 e as 9-10 da mañá, cando se produce a poxa, e os compradores teñen madrugar moito para poxar polo mellor peixe. Pescada do pincho, castañeta, estornino, bertorella, pota, xurelo, cabala, sardiña, coreano, lirio, cabra de altura, congrio, polbo... son as principais especies que se poxan na lonxa.



Sabías

Qué?

... na lonxa de Celeiro as poxas se fan a viva voz? O poxador "canta" o produto e os prezos, que van baixando, ata que un comprador para a poxa e leva o lote ao prezo acordado. O poxador ten que ser moi rápido contando prezos cara atrás e non todo o mundo é capaz de facelo. Na visita virtual á lonxa, poderás participar na simulación dunha poxa "cantada".

Na actualidade moitas lonxas están informatizadas, e a información de venda aparece en pantallas e os compradores poxan mediante un mando a distancia..

Obradoiros e naves de almacenaxe

No porto tamén podemos atopar unha serie de obradoiros onde se realizan diversas actividades como a confección e arranxo dos aparellos e artes de pesca ou as reparacións mecánicas de maquinarias do porto e os barcos. Tamén hai almacéns para gardar repostos, víveres e diversos materiais que se poden usar para as actividades portuarias.

A Confraría de Pescadores

Unha confraría de pescadores é unha asociación de traballadores do sector pesqueiro. As confrarías representan aos seus socios na administración e colaboran con esta na ordenación do sector pesqueiro, co fin de satisfacer as necesidades e intereses comúns dos seus socios.

A confraría de Celeiro conta con 283 socios en activo dedicados a artes menores, cerco, palangre e arrastre, e 194 socios xubilados. Ademais das tarefas habituais, tamén realiza proxectos para a mellora na xestión das zonas de produción, a conservación e a protección dos ecosistemas e por tanto para facer unha explotación máis sostible dos recursos mariños.



Cada ano organizan as Xornadas de Difusión do Sector Pesqueiro, onde se xuntan moitos profesionais relacionados coa pesca (dende mariñeiros ata armadores e científicos) para falar de temas de interese para o sector.



Sabías Qué?

... A confraría "Santiago Apóstol" de Celeiro foi fundada no ano 1923? É a mais antiga da provincia de Lugo, ten case 100 anos!!!

Actividade

Investiga sobre o Porto de Celeiro

Con todo o que aprendiches, serías capaz de debuxar un esquema do percorrido que fai unha pescada dende que a pesca no Gran Sol un barco de Celeiro ata que a podemos comprar nunha peixería?

Non te preocupes si non sabes todo o que pasa, podes preguntar durante a visita virtual!

Fai o teu debuxo aquí

